

ACORDOS
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DIA 26 DE MAIO DE 2016

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 10.00 horas, do día vinte e seis de maio de dous mil seis, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal:

D. Alfonso García Ferreira

Interventora acctal:

Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
2. APERTURA SOBRES PRESENTADOS POLAS EMPRESAS LICITADORAS FASE II (NEGOCIACION) DAS OBRAS INCLUIDAS NO POS 2016 . PROPOSTA ADXUDICACIÓN.-
3. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE ESTACIÓN DE SERVIZO SITUADA EN TABLILLA·BARDAOS DO TITULAR TRAZO-TORDOYA, S.L., A FAVOR DE DONA M. C. B. P.-
4. REMISIÓN POR PARTE DE COMANDANCIA DO POSTO DA GARDA CIVIL DE ORDES DE ACTA DE INFRACCIÓN 246/2016 DA LEY 9 / 2013.-
5. PROVIDENCIA E CÉDULA DE CITACIÓN DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCIÓN Nº 2 DE ORDES EN PROCEDEMENTO XUIZO VERBAL: 253/2016. SINALAMENTO PARA O DÍA 22/ 09 / 2016 .-
6. INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DESENVOLVEMENTO POLÍTICAS DE IGUALDADE 2016.-
7. SERVIZOS SOCIAIS. SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-
8. ESCRITOS VARIOS.-
9. ROGOS E PREGUNTAS.-

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.-

Acordos adoptados:

- 1.Aprobación das actas das sesións anteriores.

2. APERTURA SOBRES PRESENTADOS POLAS EMPRESAS LICITADORAS FASE II (NEGOCIACION) DAS OBRAS INCLUIDAS NO POS 2016. PROPOSTA ADXUDICACIÓN.-

Acordos adoptados:

Propoñer ao órgano de contratación a súa clasificación, por orden de maior a menor puntuación, adxudicando cada obra ao licitador que obtivo a maior puntuación, e polos importe que ofertou, a saber:

| ADXUDICATARIA | Denominación da obra | Orzamento Base Licitacion | I.V.E . | Orzamento Total | Partida orzamentaria |
|---------------------------------|--|---------------------------|----------|-----------------|----------------------|
| OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L. | CAMINO BUÑO ESCOLA DE BELVIS (NUMIDE) | 25.619,84 | 5.380,17 | 31.000,01 | 454.619.04 |
| OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L. | PRAZA EN SANTAIA (GORGULLOS)E OUTROS | 30.991,74 | 6.508,27 | 37.500,01 | 1532.619.04 |
| SYR-AMG., S.L.U. | CAMINO TAÑE SEIXAN (CABALEIROS) E OUTROS | 31.704,31 | 6.657,91 | 38.362,22 | 454.619.04 |
| OBRAS y VIALES DE GALICIA, S.L. | CAMINO EN PAZOS (ANDOIO) E OUTROS | 26.198,35 | 5.501,65 | 31.700,00 | 1531.619.04 |

3. COMUNICACIÓN PREVIA DE TRANSMISIÓN DA LICENZA DE ESTACIÓN DE SERVIZO SITUADA EN TABLILLA-BARDAOS DO TITULAR TRAZO-TORDOYA, S.L., A FAVOR DE DONA M. C. B. P.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a transmisión da citada dona M.C.B.P, para desenvolver a actividade de ESTACION DE SERVICIO, en Tablilla - Bardaos, coa denominación comercial de "ESTACIÓN DE SERVICIO A TABLILLA", e no que se inclúen os epígrafes antes citados.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo ao adquirente

4. REMISIÓN POR PARTE DE COMANDANCIA DO POSTO DA GARDA CIVIL DE ORDES DE ACTA DE INFRACCIÓN 246/2016 DA LEY 9 / 2013.-

Acordos adoptados:

Darlle traslado á policía local para que se lle notifique ao titular da licenza e requerilo para que no prazo de dez días, segundo a lexislación vixente, aporte ou alegue o que estime por conveniente no seu dereito.

5. PROVIDENCIA E CÉDULA DE CITACIÓN DO XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 2 DE ORDES EN PROCEDEMENTO XUIZO VERBAL: 253/2016. SINALAMENTO PARA O DÍA 22/09/2016 .-

A Xunta de Goberno Local dase por enterada, tomando en consideración o sinalado na providencia do 02/05/2016 que a contestación do concello á mesma se fara oral na vista sinalada

6. INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DESENVOLVEMENTO POLÍTICAS DE IGUALDADE 2016.-

Acordos adoptados:

Contratación das actividades á empresa "Xeira Consultora S. Coop. Galega", por ser a economicamentemáis vantaxosa.

7. SERVIZOS SOCIAIS. SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.-

Acordos adoptados:

Informar favorablemente a petición e que se lle emita a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, conforme a normativa vixente.

8. ESCRITOS VARIOS.-

- Recíbese escrito da Consellería de Política Social comunicando a ampliación das horas do servizo de axuda no fogar por un importe total de 840 H/ ano co seu correspondente financiamento. Visto a Xunta de Goberno Local ciase por enterada.

9. ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión.